**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 4 DE XULLO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catro de xullo de dous mil dezaseis; as dez e media da maña xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín.- Non asiste Dona Maria López Touza.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

## 1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vintesete de xuño de dous mil dezaseis (ordinaria).

## 2.- OBRAS MAIORES.--

Non houbo.-

## 3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

**ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-**

1.- Visto o escrito presentado por **Don Urbano Rodríguez Alonso,** con domicilio na rúa Ribeiro nº 5, 1º, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoble, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 17-06-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

## 4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Secretaria Xeral de Cultura, Resolución comunicando exclusión de solicitude de subvención para o equipamento e mellora das instalacións culturais (Equipamento do auditorio Casa da Cultura).

## 5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

**ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DENOMINADO "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIONS AGRARIAS ".-**

Ponse de manifesto a Xunta de Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade o contrato denominado "Mellora de Camiños Municipais de acceso a explotacións agrarias".

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foi aprobado ó 6 de xuño de 2016, mediante acordo de Xunta a Goberno local a través de procedemento negociado sen publicidade, procedendose a invitación de empresas en data 7 de xuño de 2016.

Rematado o prazo de presentación de proposicións procedeuse a apertura da documentación do sobre A e acto seguido os sobres B e C, mediante constitución de mesa de contratacion ao efecto de data 22 e 28 de xuño de 2016.

A mesa de contratación analizadas as ofertas presentadas propon a Xunta de Goberno Local a adxudicación do Contrato de obras de "Mellora de Camiños Municipais de acceso a explotacións agrarias", a empresa Aopil S.L., sendo a que presenta a mellor oferta no seu conxunto, como queda acreditado na correspondente acta.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Gobemo Local, adoptou por unanimidade dos asistentes os seguintes acordos:

1.- Adxudicar o contrato denominado "Mellora de Camiños Municipais de acceso a explotacións agrarias" a empresa Aopil S.L., por importe de 50.596,15 € IVE incluido, coas seguintes condicións:

- **Prazo de garantia:** 15 meses.
- **Prazo de execución**: 2 meses.
- **Mellor calidade dos materiais: -**.
- **Melloras:** As ofertadas segundo documentación obrante no expediente.

2.- Requerir o adxudicatario para que constituia a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe da adxudicación, por calquera dos medios a que se refire o artígo 96 do TRLCSP.

3.- A formalización do contrato realizarase dentro dos 15 días hábiles seguintes a da notificación do acordo de adxudicación, (unha vez consignada a garantía) facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura do mesmo.

**XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº4/16.-**

"A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº4/16, por importe de 11.100 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal".

**XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº5/16.-**

"A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº5/16, por importe de 27.512,64 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal".

**ORGANIZACIÓN MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2016.-**

Dase conta da proposta de Dona Maria López Touza como Concelleira de Cultura do Concello de Ribadavia, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da contratación de espectáculos teatrais para a Mostra Internacional de Teatro.

"A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adxudicar os contratos de espectáculos teatrais as empresas que de seguido se detallan e coa aprobación do gasto que se describe: ZANGUANGO TEATRO,o día 16 de xullo; LAZONA FILMS, ó día 16 de xullo; LA MAQUINE, o día 17 de xullo; ATALAYA, o día 17 de xullo; VERA VERA TEATRO, o día 18 de xullo; TITERES ALAKRAN, ó dia 19 de xullo; TARTEAN ZERBITZUAK S.L., ó día 20 de xullo; NAO D´AMORES, ó dia 21 de xullo; VISITANTS ESCENICA S.L., ó día 22 de xullo; PELMANEC, ó día 22 de xullo; OSKARAS KORSUN-OVAS TEHATRE, ó dia 23 de xullo; LIMIAR TEATRO, o día 23 de xullo; LIMIAR TEATRO, ó día 23 de xullo; IBUPROFENO TEATRO, o dia 24 de xullo; CHEVERE, o día 24 de xullo.

**CONTRATO DA OBRA DENOMINADA "MELLORA DO VIAL DE ACCESO O APARCAMENTO DO PARQUE EMPRESARIAL DE RIBADAVIA"-**

Dase conta do proxecto para a execuación da obra denominada "Mellora do Vial de acceso o aparcamento do parque empresarial de Ribadavia", obra subvencionada pola Conselleria de Economia, Emprego e Industria o abeiro da Orde do 28.12.2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas a habilitación e mellora de infraestructuras dos parques empresarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

De seguido o Sr. Alcalde somete a aprobación do expediente de contratación relativo a obra referenciada, por un importe de 121.260,38 euros.

No expediente constan os seguintes elementos:

- Informe de intervención de data 04.07.2016.
- Prego de prescripcións técnicas de data 04.07.2016.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1. Aprobar un gasto por importe de 121.260,38 € IVE incluido.
2. Aprobar o proxecto denominado "Mellora do Vial de acceso o aparcamento do parque empresarial de Ribadavia", redactado polo enxeñeiro, Don Miguel Angel Pérez Martínez, cun importe de 121.260,38 euros.

3. Aprobar o Prego de Prescripcións técnicas para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra denominada “Mellora do Vial de acceso o aparcamento do parque empresarial de Ribadavia ".
4. Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para a execución de dita obra, relacionando o Sr. Alcalde as seguintes empresas a invitar: Cocigal 2013 S.L. , Aopil S.L., Construccións, Excavacións e Edificacións López Carballal S.L., Construcciones Pepe Pisco e Hijos, Excavaciones Jorge González e Construccions Rumajo 3 S.L..

**CONTRATO DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXETICA NA REDE DE ALUMEADO PUBLICO DO PARQUE EMPRESARIAL DE RIBADAVIA"-**

Dase conta do proxecto para a execuación da obra denominada “Mellora da eficiencia enerxética na rede de Alumeado publico do parque empresarial de Ribadavia", obra subvencionada pola Conselleria de Economia, Emprego e Industria o abeiro da Orde do 28.12.2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas a habilitación e mellora de infraestructuras dos parques empresarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

De seguido o Sr. Alcalde somete a aprobación do expediente de contratación relativo a obra referenciada, por un importe de 28.685,46 euros.

No expediente constan os seguintes elementos:

- Informe de intervención de data 04.07.2016.
- Prego de prescripcións técnicas de data 04.07.2016.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1.- Aprobar un gasto por importe de 28.685,46 € IVE incluido.
2.- Aprobar o proxecto denominado “Mellora da eficiencia enerxética na rede de Alumeado publico do parque empresarial de Ribadavia", redactado polo enxeñeiro, Don Miguel Angel Pérez Martínez, cun importe de 28.685,46 euros
3.- Aprobar o Prego de Prescripcións técnicas para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra denominada “Mellora da eficiencia enerxética na rede de Alumeado publico do parque empresarial de Ribadavia".
4.- Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para a execución de dita obra, relacionando o Sr. Alcalde as seguintes empresas a invitar: Aopil S.L., Losada Mourelo S.L. e Montaxes Electricos Hermanos Fraguas S.L..

## 6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as once e media da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.